



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DO DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN DE VARIOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO ÁMBITO EDUCATIVO NO EIDO DE CENTROS E DA INSPECCIÓN, AVALIACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA EDUCATIVO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral Técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional formalizou coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura, ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Amtega para o desenvolvemento dos proxectos de xestión das programacións, de reclamacións ás cualificacións, de protocolos de actuacións en centros educativos, así como o desenvolvemento ou evolución do sistema de admisión a centros educativos, de xestión de centros privados, de xestión de títulos, homologacións de estudos estranxeiros, xestión dos gastos de funcionamento dos centros públicos, das unidades e postos de traballo de educación infantil, primaria e educación especial, así como a integración do sistema de xestión dos programas de bibliotecas escolares.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de





colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Así, tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Amtega manifestaron a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordaron a sinatura deste acordo .

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

asinado dixitalmente)

